



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA Nº 7/2019 DO PLENO REALIZADA O DÍA 29-7-2019

Na casa consistorial do Concello de Irixoa (A Coruña), sendo as trece horas e tres minutos do día vinte e nove de xullo de dous mil dezanove reúnen, en primeira convocatoria, os membros do Pleno da corporación relacionados seguidamente, presididos polo alcalde e asistidos do secretario titular, Alejandro Alonso Figueroa, que dou fe do acto.

ASISTENTES

Alcalde: Antonio Deibe Sanmartín (PP)
Concelleiros: Lucía Abeal Fuentes (PP)
Sergio Nicolás Boado Seoane (BNG)
María José Cal Álvarez (PSdeG-PSOE)
Ramón José Dopico Martínez (PP)
Juan Manuel Freire Golpe (PP)
José Otero López (PP)
Remigio Pérez Bao (PP)
José Ángel Roca Díaz (PP)

AUSENTES

Ningún

A sesión é aberta pola Presidencia ao obxecto de proceder ao exame, debate e votación dos asuntos da seguinte

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTADA SESIÓN ANTERIOR DO 21-6-2019. Pola Presidencia pregúntase se algún membro desexa formular algunha observación ou proposta de rectificación á redacción da acta da sesión anterior; non se formula ningunha alegación polo que, en virtude do establecido no art. 91.1 do R.O.F (Real decreto 2568/1986), se declara aprobada a acta da sesión extraordinaria de 21-06-2019.

2. 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 1/2019 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL. Dáse conta das comunicacións da Deputación Provincial da Coruña sobre o POS+ 2019:

- Comunicación do 29-4-2019, derivada do acordo plenario provincial do 26-4-2019, polo que aproba o POS+ 2019 proposto polo concello, indicando as instrucións para o desenvolvemento e execución do plan.

- Circular do 30-4-2019 no que se fixa o importe do plan adicional do POS+ (241.658,53 €), outorgando o prazo ata o 20-5-2019 para confirmar os investimentos financeiramente sostibles incluídos no plan complementario (fase 1), quedando o resto para a 2ª fase, con prazo de presentación ata o 13-9-2019.

Con data do 16-5-2019 a Xunta de Goberno Local acordou ratificar a inclusión do proxecto do plan complementario, polo importe de 111.477,75 € (AGLOMERADO DE VIAL CAMPELO – CANTARABÁ Y OTROS).



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

O sr. alcalde indica que estaba previsto incluír unha pavimentación en Lousada, pero un problema de titularidade das vías, que se tratará noutro punto desta sesión, impediu a tramitación un dos proxectos; prodúcese un breve debate sobre ete tema.

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. “Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
MEJORA FIRME VIAL BALTAR Y OTROS	35.756,12	0	35.756,12
MEJORA FIRME VIAL EN LAMBRE Y OTROS	31.322,92	0	31.322,92
HABILITACIÓN VIAL EN BARREIROS Y OTROS	63.052,91	0	63.052,91
TOTAL	130.131,95	0	130.131,95

Maior achega provincial asignada ao concello	241.658,53
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	111.477,75
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	130.131,95

O Concello de Irixoa renuncia á parte da achega provincial non consumida nos acordos da 1ª e 2ª fase (48,83 €), sen prexuízo de que poida incorporarse a calquera novo plan provincial de obras.

2. Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3. Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6. Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3. APROBACIÓN DEFINITIVA DESAFECTACIÓN DE TRAMO DE CAMIÑO EN CABANA (VERÍS): JOSÉ M^a SANJURJO ARES. Dáse conta dos seguintes trámites do expediente:

a) iniciativa do veciño José María Sanjurjo Ares (Cabana nº 8) para regularizar a situación dun tramo de camiño que leva tempo en desuso no entorno da súa vivenda, aceptando o prezo que poida establecer o concello.

b) Informe xurídico de Secretaría.

c) Informe técnico

Acordo inicial da Xunta de Goberno Local do 16-5-2019 de aprobación da desafectación.

A exposición pública de tal acordo iniciouse mediante a publicación do correspondente anuncio no BOP do 23-5-2019, rematando o 23 de xuño de 2019, sen que se presentasen alegacións ou reclamacións. Procede, pois, aprobar definitivamente o presente acordo.

Iniciado o debate trátanse as condicións desta desafectación, en especial o sr. Boado (BNG) indica que para este tipo de casos hai que adoptar un criterio único, que se aplique sempre nos supostos vindeiros. Por parte dos integrantes do equipo de goberno indícase que o criterio é atender ao que razoablemente solicite o interesado, sempre que no se prexudique o interese público nin a terceiros; non obstante, o criterio ten que ser o suficientemente flexible para adaptarse ás circunstancias particulares de cada caso.

Sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por maioría absoluta de 8 votos favorables, 0 en contra e 1 abstención(sra. Cal) o seguinte **acordo**:

1. Apróbase definitivamente o expediente de desafectación dun pequeno tramo de camiño público (70 ml) en Cabana (Verís), parte da parcela de referencia catastral 15040A011090050000PE, que non se utiliza dende fai tempo nin se considera necesario para o uso público no futuro.

A superficie do citado tramo, como parcela sobrante non utilizable, será vendida ao colindante interesado, José María Sanjurjo Ares, para a incorporación a súa parcela, por medio de acordo da Xunta de Goberno Local.

2. Publicarase a presente aprobación definitiva no BOP, aos efectos de coñecemento xeral e posibles recursos.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

4. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 2 DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. O secretario-interventor-tesoureiro presenta o seu informe que ten carácter de favorable.

Seguidamente entáblase un debate sobre a modificación proposta, que se centra na contía do incremento (5.000 €/ano aproximadamente).

A sra. Cal (PSG-PSOE) anuncia o seu voto contrario, posto que supón penalizar economicamente aos veciños; a esta postura súmase o sr. Boado (BNG).

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por maioría absoluta de 7 votos favorables e 2 votos contrarios (sres. Boado e Cal), o seguinte **acordo**:

1. Apróbase provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal nº 2 do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM), transcrita no anexo (as modificacións substantivas van nunha letra de maior tamaño).
2. Exporase ao público, en aplicación do art. 17 do R.D. Lexislativo 2/2004 e polo prazo de 30 días hábiles, a aprobación provisional de tal modificación, mediante anuncio no tablón de edictos municipal e BOP.
3. As reclamacións ou suxerencias presentadas en prazo, previo informe de secretaría-intervención-tesourería, serán resoltas expresamente polo Pleno no acordo de aprobación definitiva. Se non se presentaren reclamacións durante o citado prazo, sen necesidade de novo acordo, este elevárase automaticamente ao carácter de definitivo.
4. Tras a aprobación definitiva publicarase o oportuno anuncio no BOP, contendo o texto íntegro da ordenanza, aos efectos de coñecemento público, vixencia e aplicación.

ANEXO

ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM)

Modifícanse os seguintes apartados de acordo coa seguinte redacción:

Artigo 1.º

De conformidade co previsto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, as cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicables neste municipio serán as establecidas no art. 95 da referida norma estatal, incrementadas cun coeficiente de 1,12. Polo tanto, unha vez aplicado o coeficiente, as cotas vixentes son as recollidas no seguinte cadro:

Potencia e clase de vehículo	Cota-Euros
A) Turismos:	
De menos de 8 cabalos fiscais	14,13
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	38,17
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	80,57
De 16 hasta 19,99 cabalos fiscais	97,34



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

De 20 cabalos fiscais en adiante	125,44
B) Autobuses:	
De menos de 21 prazas	93,3
De 21 a 50 prazas	132,88
De máis de 50 prazas	166,07
C) Camións:	
De menos de 1.000 quilogramos de carga útil	47,35
De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	93,3
De máis de 2.999 a 9.999 quilogramos de carga útil	132,88
De máis de 9.999 quilogramos de carga útil	166,07
D) Tractores:	
De menos de 16 cabalos fiscais	19,79
De 16 a 25 cabalos fiscais	31,1
De máis de 25 cabalos fiscais	93,3
E) Remolques y semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:	
De menos de 1.000 y máis de 750 quilogramos de carga útil	19,79
De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	31,1
De máis de 2.999 quilogramos de carga útil	93,3
F) Outros Vehículos:	
Ciclomotores	4,95
Motocicletas hasta 125 centímetros cúbicos	4,95
Motocicletas de máis de 125 hasta 250 centímetros cúbicos	8,48
Motocicletas de máis de 250 hasta 500 centímetros cúbicos	16,97
Motocicletas de máis de 500 hasta 1.000 centímetros cúbicos	33,92
Motocicletas de máis de 1.000 centímetros cúbicos	67,85

Disposición final

A presente ordenanza fiscal, aprobada orixinariamente por acordo plenario do 7-9-1989 e modificada por acordos plenarios do 3-3-2005, 27-3-2008, 29-8-2016 e 29-7-2019, entrará en vigor, en canto á última modificación, no día seguinte ao da súa publicación no BOP, sendo de aplicación a partir do 1-1-2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

5. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 11 DA TAXA DE SANEAMENTO DE AUGA. A continuación dáse conta da Memoria-proposta da Alcaldía, o estudo económico que xustifica o expediente, así como do informe de Secretaría-Intervención-Tesourería (favorable).

A sra. Cal (PSdeG-PSOE) anuncia o seu voto en contra por ser cotas gravosas para os usuarios.

Para o sr. alcalde (PP) trátase dun incremento razoable, xa que o servizo vai ter un maior control externo paulatinamente, incrementándose os gastos, polo que debería ter unha actualización de cotas anual vinculada ao IPC; tamén considera interesante estudar un servizo de vertidos de fosas a particulares que non teñen concexión.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

O sr. Boado (BNG) considera inviable este novo servizo, xa que as depuradoras non están adaptadas para unha descarga masiva de residuais.

Tras o debate, por medio de votación ordinaria con resultado de maioría absoluta de 7 votos favorables e 2 en contra (sres. Boado e Cal), declárase aprobado o seguinte **acordo**:

1. Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 11 da taxa de saneamento, relativa ao incremento de cotas anuais do art. 6, tal e como se transcribe no anexo desta acordo (modificación en cursiva).
2. Exporase ao público o presente expediente polo prazo de 30 días hábiles a efectos de reclamacións conforme ó establecido nos arts. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de abril (Texto Refundido da Lei de Facendas Locais). En caso de non presentarse reclamacións elevarase o presente acordo automaticamente a definitivo.
3. Tras a aprobación definitiva do expediente procederase á publicación no BOP do novo texto da ordenanza para o coñecemento xeral e a súa entrada en vixencia, que comezará o 1-1-2020.

ANEXO

Ordenanza fiscal n.º 11 da Taxa do servizo municipal de saneamento de auga
Non se contempla ningún tipo de exención, redución nin bonificación.

Artigo 6.º Cota tributaria.

A presente taxa determinará a súa cota mediante o seguinte cadro:

1. Edificios exclusivamente dedicado ao uso de vivenda: *50 euros*.
2. Resto de locais e explotacións: *70 euros*.
3. Cota de conexión: única de 150 euros.
4. Traballos de enganche (cando os realice o concello): = =

En caso de coincidencia de varios usos no mesmo local ou edificio computarase como uso de tarifa máis alta, sempre que sexa o mesmo usuario. En caso de usuarios distintos liquidaranse taxas separadas, tanto anuais como de conexión, con independencia de que se comparta a arqueta de conexión.

Disposición final.

A presente ordenanza, publicada orixinarimente nos BOPs 19-1-2004, 24-12-2013 e 30-9-2015, e aprobada na última reforma por acordo plenario do 29-7-2019, entrará en vigor en canto a tal modificación o 1-1-2020, e será de plena aplicación a partir da súa entrada en vigor, permanecendo en vigor indefinidamente ata a súa modificación ou derogación.

6. FESTIVOS LOCAIS 2020. Dáse conta de que Consellería de Economía, Emprego e Industria solicita a proposta municipal de festivos locais para o 2020, como se tramita todos os anos, polo que se incluíu o punto nesta sesión; a Alcaldía propón os festivos locais tradicionais do martes de entroido e o 10 de agosto (san Lourenzo), aínda que admite estudar outras datas e propostas.

Tras o breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. O Concello de Irixoa realiza a seguinte proposta de festivos locais para o 2020: 25 de febreiro (martes de entroido) e 10 de agosto (san Lourenzo).



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

2. Comunicarase o presente acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria aos efectos do calendario laboral para o 2020.

7. CONTA XERAL EXERCICIO 2018. Dáse conta do expediente tramitado para a aprobación da conta xeral (informe de secretaría-intervención, ditame da comisión especial de contas do 26-5-2019, exposición pública sen alegacións, etc.), así como sobre dos aspectos esenciais da conta presentada.

Sométese a votación ordinaria o asunto, resultando aprobado, por maioría absoluta de 7 votos favorables, 0 en contra e 2 abstencións (sres. Boedo e Cal) o seguinte **acordo**:

1. Aprobar definitivamente a conta xeral do exercicio 2018, ditaminada favorablemente pola comisión especial de contas, sendo os resultados económicos principais os seguintes:

- Resultado orzamentario axustado:..... -151.494,38 euros.
- Remanente líquido de tesourería (gastos xerais): 330.562,56 euros (importe axustado).

2. Renderase a conta ao Consello de Contas de Galicia, Tribunal de Cuentas e demais órganos de tutela económico-financiera, aos efectos de control externo.

8. DECLARACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO DE TRAMO DE CAMIÑO EN LOUSADA (VERÍS) QUE FIGURA COMO PRIVADO NO CATASTRO. Dáse conta de que o técnico municipal detectou unha discordancia entre viario municipal e catastro na zona de Lousada, polo que se pretende a súa regularizar a situación.

O sr. Boado (BNG) considera que a documentación entregada é insuficiente e indica que na zona hai varios erros ou discordancias a subsanar, proponendo que se tramite todo conxuntamente.

Indícase que a discordancia evidente entre realidade e catastro xurde na parcela de referencia catastral 001500300NH79B0001LJ, por onde discorre un tramo de pista municipal asfaltada. De feito xa se comunicou dita discordancia aos titulares catastrais desta parcela, con prazo para presentar alegacións.

O sr. Roca (PP) considera que non é recomendable mezclar diversas situacións, aínda que sexan na mesma zona, xa que dilata a tramitación e non se resolven adecuadamente os asuntos en cuestión.

Durante o debate abandona a sesión, sendo as 14:20 horas, o sr. Freire Golpe.

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por maioría absoluta de 7 votos favorables, 0 votos contrarios e 1 abstención (sra. Cal), o seguinte **acordo**:

1. Iníciase o expediente para regularizar a situación do viario municipal existente dentro da parcela de referencia catastral 001500300NH79B0001LJ, outorgándolle aos titulares catastrais (María Jesús Pico Pico e Joge Vidal Seijo) un prazo de 15 días hábiles para que presenten alegacións ou documentación xustificativa



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

2. Unha vez que se teña constancia da posición dos citados titulares, previos os informes técnicos e xurídicos pertinentes, procederase a declarar a regularización da situación da parcela e viario, co obxecto de que o catastro reflecta a realidade física.

9. COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE SOLICITUDE PLAN CONCERTADO DE SERVIZOS SOCIAIS 2019. Dáse coñecemento da resolución da Alcaldía do 9-5-2019 relativo á solicitude de subvención dentro do plan concertado de servizos sociais 2019 (Consellería de Política Social); a solicitude afecta ao persoal dos servizos sociais, xestión de programas e ao programa de axuda no fogar, solicitándose un financiamento de 166.509,80 €, co seguinte desglose:

- persoal: 38.815,00
- mantemento: 0,00
- axuda no fogar básica: 0,00
- axuda no fogar dependencia: 127.690,80
- xestión de programas: 0,00
- investimento: 0,00.

O Pleno queda enterado.

10. COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE XUÑO DE 2019. Dáse conta das resolucións dictadas pola Alcaldía no mes de xuño de 2019, repartindo o secretario unha relación extractada das mesmas a cada corporativo asistente. Remitirase unha copia ás administracións estatal e autonómica.

O Pleno queda enterado.

Sendo as catorce horas e trinta minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión da cal eu, Secretario, estendo a presente acta coa que dou fe da mesma.

O SECRETARIO

Visto e prace
O ALCALDE